

¿Cómo utilizou o ser humano as fontes enerxéticas ó longo da historia? ¿En que cantidade? ¿Para que? ¿ Que residuos produciu nese proceso e que fixo con eles? Moitas cuestións, quizáis unha soa conclusión.

Seguindo a teoría de **Eduardo Lorenzo**, un sistema termodinámico permanece estable por tempo indefinido e nun entorno concreto se segue dúas condicións:

- Ter á súa disposición recursos inesgotables.
- Reaproveitar os residuos para convertirense en recursos doutros sistemas contiguos.

A pregunta ante esta teoría é obvia: ¿ó longo da historia cumpríronse as dúas condicións , ou alomenos unha delas?

A resposta tamén está clara: un rotundo non.


¿Por qué?

A natureza sempre controlou a **entropía** (entendida esta coma “o estado de desorde dun sistema”) dos diversos sistemas. Un exemplo claro é que os excrementos animais son aproveitados como abono polos vexetais. O sistema manténse deste xeito en equilibrio. Pero o home veu en romper este equilibrio, rompendo as dúas condicións anteriormente expostas: esquilma os recursos, xerando residuos que non se aproveitan e que por riba contaminan.

A entropía aumenta: ¿hai algún exemplo máis claro que o cambio climático tan radical que estamos a padecer a costa do uso dunhas fontes enerxéticas – as fósiles – que se están a esgotar, e as inxentes cantidades de residuos xerados no seu consumo – sobre todos os gases de efecto invernadero ?

E, ademais, pensar que tódos os conflitos, guerras, crises económicas e sociais,... están provocados pola búsqueda de recursos naturais, ou alomenos a súa base está nese proceso. Desde as loitas polos mellores territorios de caza entre os frutos humanos da prehistoria, pasando polas guerras púnicas (entre Cartago e Roma) polo control do Mediterráneo (... e dos seus recursos) ou polos conflitos de Oriente Medio (¿serían estes tan importantes sen a existencia de petróleo nesa zona ?) , ata o problema medioambiental (que se convertirá de non tomar medidas en social, económico, político, de pura supervivencia) do cambio climático.

Podemos explicar o proceso seguindo o seguinte cadro:



Fonte: Moledano Córdoba

Pensem: Partindo do inicio dun ciclo da historia humana na que os recursos sexan abundantes, e seguindo o cadro anterior, intenta explicar como se pode chegar a provocar una crise na que os recursos son escasos e os residuos abundantes. Reflexiona sobre se a palabra “consumo” tal e como actualmente a conciben as sociedades avanzadas actuais.

Fonte: <http://www.redcientifica.com/doc/doc200210070301.htm>